

NOTA INFORMATIVA

Recollida de información da Enquisa a Empresas Multilocalizadas

O Instituto Galego de Estatística (IGE) comeza o 29 de marzo, o proceso de recollida de información da Enquisa a Empresas Multilocalizadas 2020-2021.

Esta enquisa recóllese no Programa estatístico do ano 2023, dentro da operación "3801-05-OE06" e diríxese a empresas que teñen a súa sede social fóra de Galicia e algún establecemento na nosa Comunidade Autónoma.

O traballo de campo consistirá na recollida de información a través dun cuestionario electrónico. As preguntas do cuestionario son de carácter económico; búscase coñecer a actividade produtiva dos diferentes establecementos das empresas multilocalizadas. A través da enquisa obtemos as variables que nos permitan ter unha estimación do valor engadido, o excedente de explotación, o emprego e a formación bruta de capital fixo.

A información obtida ten unha dobre finalidade:

- difusión dos principais resultados na web do IGE
- apoio a outras operacións estatísticas relacionadas co Sistema de Contas Económicas de Galicia.

Ademais, conta tamén cun módulo adicado ao estudo do investimento nestas empresas.

Confidencialidade

As empresas seleccionadas recibirán unha carta na que se lle comunicará a normativa que garante a confidencialidade de todos os datos que lle sexan proporcionados ao IGE. En concreto, os datos obtidos están protexidos polo segredo estatístico e tan só se poden utilizar cunha finalidade estritamente estatística.

As estatísticas incluídas no Plan galego de estatística e no programa anual terán a obrigatoriedade de colaboración cidadá (Artigo 18 da Lei Estatística de Galicia).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: https://www.ige.gal/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=006017009&idioma=gl
Información enquisas: 900 102 104
FAX: 900 812 899
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>
Síguenos en Twitter: http://twitter.com/#!/IGE_Estatistica
Síguenos en facebook: <http://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>